

Somos fillos dunha herdanza que queda impertérrita no camiño que seguen as nosas pegadas. Somos un vínculo indefinido con todo aquilo que nos deu a vida, con todo aquilo que levamos ás costas. Estamos formados polos anacos de diferentes vidas, formados pola confluencia de destinos que proveñen de diferentes almas. Somos produto dun eterno porvir, temos sobre nós a capacidade de manter con vida as memorias daqueles que xa non están. Temos o poder do anterior, do que veu detrás de nós e nos axudou a chegar ata onde nos encontramos na actualidade. Constituimos a herdanza de todo un percorrido que semella infinito. Somos os frutos dunha árbore moito maior. Temos a oportunidade de coñecer todas as vidas que confluíron para chegar á nosa. De min forma parte a a cociña de leña, os cadros, as fotos, de min forma parte o arado e a horta, o forno onde cocemos o pan. De min forman parte as conversacións que se tiveron entre estas paredes en tempos de fame, as vidas que se viviron; de min forma parte o castiñeiro que coa súa sombra arroupa as horas que pasamos ao seu carón. As pedras da casa vella forman os vestixios dun pasado presente no meu corazón, a casa chega aos meus sentidos coma unha testemuña inmarcesible do paso dos anos, do tempo que foi afastando a dor, que trouxo nova xente, novos destinos. Cando escoitas a quen queres dáste de conta de que no teu sangue corre á súa vez as palabras que flotan no aire, as conversacións que quedaron por dicir e os secretos que foron gardados ata o último instante. Corre contigo o amor compartido, a morriña da emigración, as historias de medo que no recuncho dos anos vanse facendo realidade. O fogar síntese dentro mentres a cociña quenta os pés. Ao igual que sinto dentro o calor de todos aqueles que me ven, de todos aqueles que estiveron sentados no mesmo banco, que me arroupan coa súa memoria, que seguen vivos na eternidade das miñas palabras. Vexo o pasado como aquilo que me apoia, como un manto cheo de historias que me axudan a saber quen son, que constitúen a herdanza da xente que máis quero. Porén, nunca o verei como unha carga, nin un remedio que hai que curar, aprecio o pasado como un tesouro, gardo o que sei con agarimo profundo, levo as historias e aos protagonistas como puntos de apoio, como anxos guía neste camiño, nunca como un lastre, nunca como algo que me ata nin que debería de arranxar, a nosa herdanza é o impulso que nos ofrece a vida para crear un futuro cada vez máis noso, guiados polas pegadas de aqueles que nos souberon arroupar.